

electrodomésticos teñen a obriga de recollelas. O ideal é levalas alí no momento que se quere mercar outra para substituíla.

Centros de distribución deste tipo de funxibles teñen uns pequenos colectores de cartón no seu exterior onde se poden depositar.

En Tomiño, os puntos de recollida de lámpadas e fluorescentes son os seguintes:

FERRETERIA A RODA Buenos Aires, 4 Izq. -Tomiño

EXPERT TOMIÑO Avenida Gondomar nº 59 - Tomiño

FERRETERIA BOUZADA Gondomar, 12 - Tomiño

COMERCIAL IFEGA INSTALACIONES A Rocha 9 - Tomiño

ENECO GALAICA Uruguay, 2 - Tomiño

ALIPROX GOIAN Avda. Ordoñez semisotano, Edif. Vigasa,26 - Goián

FRERRETERIA CRESPOVAZQUEZ C/ Ordoñez,15 - Goián

ALIMENTACION CELIA Casal, 13 - San Salvador de Tebra

Podese consultar a súa distribución e moita máis información no seguinte enlace

<http://www.ambilamp.es/>

Envases de Fitosanitarios

Os restos e envases de fitosanitarios son altamente tóxicos e por lei deben ser xestionados por un canal propio de reciclaxe e tratamento. Para a eliminación dos mesmos , subministradores e grandes usuarios de fitosanitarios teñen un espazo onde se poden depositar os envases e restos dos mesmo, para os seu posterior tratamento por parte dun xestor autorizado.

Os puntos de deposito destes envases en Tomiño son:

Nome do Centro	Lugar	Teléfono
Bodegas Altos de Torona, S.L	Vilachán s/n - Tomiño	986442073
Suministros Hortícolas Bacelo, S.L.	Carregal de Arriba 70 - Amorín	986633409
Iago Chao Núñez		986622977
Cristina Bouzana		986623412
Celia Alonso Iglesias	Casal 13 – San Salvador de Tebra	986624044
Viveros Nilo SL	Carretera Tui- A Guarda 58 - Figueiró	986620113
Galiplant SAT	Lago - Figueiró	986620306

Viveiros Rio Tollo	Tollo 47 - Goián	986609709
Ouro Verde 2013		986621258
Vanesa Castro Castro		
Luis Fernández Alonso	San Salvador de Tebra	986624044
Terra do Miño Floricultores SLU	Tollo 136 - Goián	986 62024
Terrastar S.L.		
Goiagro S.L.		986621151

Para máis información consultar o seguinte enlace: <http://sigfito.es/>

QUÉ SE FAI COS RESIDUOS SEN COLECTOR ESPECÍFICO?

Hai algúns residuos que, pola súa natureza, non teñen un colector específico. Dependendo das súas características pode buscarse unha solución.

Fracción orgánica ou biorresiduo

Considerando biorresiduo como *“residuo biodegradable de xardíns e parques, residuos alimentarios e de cociña procedentes de fogares, oficinas, restaurantes, maioristas, comedores, servizos de restauración colectiva i establecementos de consumo ó por menor, e residuos comparables procedentes de plantas de transformación de alimentos”* (segundo a nova directiva 2018/851), esta fracción supón unha boa parte do lixo que se desbota nos colectores de resto. Sen embargo, estes restos poden ser aproveitados.

Tradicionalmente, no ámbito rural, restos de elaboración de alimentos, restos de comida, céspede, herba, etc. foron empregados para alimentación de animais domésticos como galiñas e porcos, utilizando o esterco resultante para fertilizar as eiras.

Ese sería o destino ideal de todos estes residuos, evitando colapsar os colectores de RSU.

Para o manexo da materia orgánica doméstica, e tendo en conta a actual Directiva de Residuos (Directiva 2018/851), que obriga á recollida separada dos restos orgánicos ou a compostaxe individual ou comunitaria dos mesmos, a máis tardar o 31 de decembro do 2023; o Concello de Tomiño adscribiuse ó programa REVITALIZA impulsado pola Deputación de Pontevedra, no ano 2016, para a promoción da compostaxe e da